

ANUNCIO

APROBACIÓN BASES REGULADORAS DO PRÉSTAMO TEMPORAL DAS AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE RIANXO

A Xunta de Goberno do Concello de Rianxo, na sesión ordinaria do 06.02.2025, aprobou BASES REGULADORAS DO PRÉSTAMO TEMPORAL DAS AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE RIANXO que a continuación se transcribe:

BASES REGULADORAS DO PRÉSTAMO TEMPORAL DAS AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE RIANXO

1.- OBXECTO

É obxecto das presentes bases regular o préstamo gratuito e temporal das axudas técnicas das que dispón o Concello de Rianxo a persoas valoradas como dependentes e/ou con recoñecemento de discapacidade, e con limitados recursos económicos para facer fronte ao custo das mesmas.

Enténdese por axuda técnica, aos efectos destas bases, todo produto, instrumento, equipamento ou sistema técnico empregado por unha persoa con discapacidade ou en situación de dependencia destinado a prever, compensar, aliviar ou eliminar a deficiencia ou discapacidade.

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Poden ser beneficiarias do préstamo temporal de axudas técnicas aquelas persoas con limitacións funcionais graves, que precisen axuda doutra persoa para realizar as actividades básicas da vida diaria e que a axuda técnica resulte necesaria para facilitarlles as actividades de aseo, alimentación, mobilización, e prevención de riscos para a saúde da persoa cuidadora.

3.- REQUISITOS

Para poder ser beneficiarias do préstamos deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Rianxo.
- b) Atoparse nalgunha das seguintes situacións:
 1. Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 75% e presentar dificultades de mobilidade.
 2. Ter recoñecido un grao II ou III de dependencia, e presentar limitacións para a realización das actividades básicas da vida diaria e precisar apoio indispensable e continuo de outra

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 705.529 exp. 2025/X999/000149

persoa, ou ter necesidade de apoio xeneralizado para a autonomía persoal.

3. Aínda sen ter recoñecido o grao de dependencia e/ou discapacidade sinalados nos puntos anteriores, presentar unha situación de saúde que as fai dependentes de terceiras persoas.

c) Non ter dereito nin estar desfrutando dunha axuda polo mesmo concepto a través de outros sistemas de protección social (Sistema Nacional de Saúde, Seguridade Social, empresas de axuda no fogar, entidades de iniciativa social, etc.).

d) Que a renda anual de referencia da persoa solicitante non supere 5 veces o importe anual do Indicador Público de Referencia de Efectos Múltiples (IPREM).

e) Que as condicións hixiénicas e de habitabilidade da vivenda permitan o uso das axudas técnicas, e que exista unha persoa responsable do correcto uso das mesmas.

4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas deberán presentar o modelo de solicitude que figura como anexo ás presentes bases, así como a seguinte documentación complementaria:

- DNI da persoa solicitante.
- Certificado de empadramento da persoa solicitante.
- Declaración responsable de que non se solicitaron nin se concederon outras axudas polo mesmo concepto.
- Documentación acreditativa do grao de dependencia e/ou da discapacidade da persoa solicitante.
- Informe médico que acredite a necesidade das axudas e do tipo de axuda necesaria (só no caso de non dispor de Resolución de Grao de Dependencia e/ou Certificado de Discapacidade).
- Xustificación da capacidade económica da persoa solicitante:
 - o Nóminas
 - o Certificación bancaria de saldos, contas, depósitos e valores en conta correspondentes ao último exercicio fiscal.
 - o Última Declaración da renda presentada ou certificado negativo da AEAT de non ter obriga de presentala, coa imputacións do IRPF.
 - o Certificación de percibir ou non prestacións ou pensión por parte do Instituto Nacional da Seguridade Social.
 - o Calquera outro ingreso percibido.

As solicitudes poderanse presentar durante os 20 días hábiles posteriores ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

As instancias presentaranse en calquera dos rexistros do art.16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

As solicitudes serán valoradas por parte do persoal técnico dos Servizos Sociais do Concello de Rianxo que emitirán a proposta de resolución.

Para a valoración da situación económica teranse en conta os ingresos da persoa solicitante, atendendo ao sinalado na seguinte táboa.

Ingresos	Puntos
Ingresos da unidade iguais ou inferiores ao 80% do IPREM	25 puntos
Ingresos iguais ou inferiores ao IPREM	20 puntos
Ingresos iguais ou inferiores ao 200% do IPREM	15 puntos
Ingresos iguais ou inferiores ao 300% do IPREM	10 puntos
Ingresos iguais ou inferiores ao 400% do IPREM	5 puntos

Valorarase e daráselle prioridade á situación de limitación funcional da persoa solicitante segundo o estipulado na seguinte táboa.

Situación da persoa solicitante	Puntos
Persoas en situación de Gran Dependencia, Grao III, con grao de discapacidade igual ou superior ao 75%, e situación imprevista e sobrevida acreditando limitación funcional grave con necesidade de axuda de terceira persoa para tódalas actividades básicas da vida diaria.	30 puntos
Persoas en situación de Dependencia grave, Grao II, con grao de discapacidade igual ou superior ao 50%, e situación imprevista e sobrevida acreditando limitación funcional grave con necesidade de axuda de terceira persoa para algunha das actividades básicas da vida diaria.	25 puntos
Se precisa axuda para algunhas das actividades básicas da vida diaria e ten mobilidade reducida con axuda de terceira persoa.	15 puntos

6.- RESOLUCIÓN

O persoal técnico dos Servizos Sociais do Concello de Rianxo emitirán a proposta de resolución coa valoración da solicitude e a puntuación obtida.

A Alcaldía aprobará ou rexeitará, por Resolución, o expediente.

Nos casos de urxente necesidade procederase á inmediata concesión da prestación previa valoración dos Servizos Sociais do Concello de Rianxo.

Tódalas persoas que cumprindo o requisito para o acceso á axuda non poidan ser atendidas de xeito inmediato, debido á falta de disposición de axudas técnicas asistenciais, incluíranse nunha lista de agarda cuxa orde de atención se rexerá pola data de rexistro de entrada da solicitude.

7.- DEBERES DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son deberes das persoas beneficiarias do préstamo:

1. Empregar as axudas técnicas conforme á finalidade para a que foron concibidas e destinalas exclusivamente á persoa beneficiaria, sen que poida alugarse ou cederse a terceiras persoas.
2. Facilitar toda a información requirida polos Servizos Sociais do Concello de Rianxo.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará, de ser o caso, o persoal dos Servizos Sociais do Concello de Rianxo.
4. Comunicar calquera variación que se produza na situación social, económica e familiar.
5. Informar, sen esconder nin falsear, as circunstancias persoais, familiares, medico-sanitarias, económicas e sociais que determinen a necesidade da prestación.
6. Responsabilizarse da recollida e devolución da axuda técnica no lugar e nas condicións que lles comunique o persoal dos Servizos Sociais.
7. Unha vez se proceda a devolver o material, este ten que ser entregado no mesmo estado que se lle prestou.

8.- NORMATIVA REGULADORA

En todo o non previsto nas presentes bases, así como en caso de contradición, rexerá o disposto no REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE RIANXO aprobada polo Pleno do Concello de Rianxo en sesión celebrado con data de 31.10.2024, así como o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



ANEXOS URL de descarga:

SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS

<https://concelloderianxo.gal/documents/10545/23289/Solicitud+de+pr%C3%A9stamo+de+axudas+t%C3%A9cnicas.pdf>

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS:

<https://concelloderianxo.gal/documents/10545/23289/Declaraci%C3%B3n+para+a+solicitud+de+axudas+t%C3%A9cnicas.pdf>

Rianxo, luns 10 de febreiro de 2025.

O alcalde, Julián Bustelo Abuín